

ACTA Nº 20/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 18 de maio de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 19:30 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 19:35 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 18/10 do 3 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 253/10, do 10 de maio, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga co obxecto de, posteriormente, ordenar o pagamento da asistencia técnica do Sr. Ferro Pichel, dun arrendamento, da achega dos catro primeiros meses de 2010 ao canil municipal, e para o segundo pago de intereses derivados da sentenza 4051/2002 do TSXG.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 168/09 – D.^a MARÍA DEL PILAR PEÑA RODRÍGUEZ presenta proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para Bar, a situar na rúa Camiño do

Prado, 89, baixo, do barrio do Redondo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas, visado na data 13.08.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 13 de maio de 2010, que literalmente di:

EXP. OBRAS:168/09

EXP. APERTURA:23/09

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA BAR

INFORME: **Procede licenza de obras e actividade destinada a bar de acordo co proxecto técnico.**

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible destinarase a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixa o aforo para 48 persoas non impoñen condicionamentos á licenza

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas e certificación acústica emitido por entidade homologada; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	861,47 €
Taxas licenza urbanística.....	76,91 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D.^a MARÍA DEL PILAR PEÑA RODRÍGUEZ para a actividade de BAR.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE DESTINADA A BAR. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en

consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar a interesada, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancias dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores solicitadas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 53/10 – D.^a LUISA PAZÓ FERNÁNDEZ solicita licenza municipal para soleira interior de formigón e colocación de plaqueta antideslizante nun terreo da súa propiedade, en Reibón 147-A, Meira, segundo o croquis que achega. Superficie da soleira: 88,90 m², orzamento: 3.214 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 13 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: SOLEIRA INTERIOR (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

Preservará as rasantes actuais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 90,00 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.B) EXPTE. 51/10 – D. PABLO JAVIER MOREIRA PEQUEÑO solicita licenza para a construción de muro de cerramento de 10,14 x 2,00 m (20,28 m²) lindante con vía pública, con 2 portais de entrada de 1,00 e 2,00 m. de ancho, a base de balaustrada de pedra na parte superior, entre columnas de perpiaño abujardado sobre cimentación de formigón, a situar no barrio de Verdeal, 172 – Domaio, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 13 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

O cerramento executarase de acordo coa documentación presentado debéndose respectar os condicionados que se reflecten na autorización da Deputación Provincial.

O cerramento posicionarase na maior das seguintes distancias: 2,00 metros da arista exterior da explanación ou 6,30 do eixo da estrada.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 17,07 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por CASAS BELAS LA GRANDE, S.L., representado por D. Manuel Pousada Carballo, no que solicita licenza de primeira ocupación para edificio de planta soto, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para trasteiros, almacén, local comercial e 14 vivendas situada na Xunqueira, Reibón (parcela 2), co nº de expediente 345/05, concedida pola XGL en sesión de data 30.01.2006.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe da asistencia técnica municipal do Concello de Moaña, do 13 de maio de 2010, que di

ASUNTO: Solicitud de licenza de primeira ocupación

EMPRAZAMENTO: Xunqueira. Reibón. Parcela 2. UG5.

INFORME:

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 3 de xullo de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 14 de xullo de 2008; asinado polo arquitecto D. Xosé Díaz de la Iglesia o día 3 de xullo de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 23 de xullo de 2008.
- Certificado de illamento acústico favorable para o desenrolo da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación para 14 vivendas,
local 1 289,80 m2, local 2 23,45 m2..... 1.605,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de planta soto, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para trasteiros, almacén, local comercial e 14 vivendas dimanante da licenza en Expte. nº 345/2005, á súa promotora CASAS BELAS LA GRANDE, S.L., representado por D. Manuel Pousada Carballo, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) EXPTE. 17/10 – COMUNIDADE VECINAL DE MONTES EN MAN COMÚN DE DOMAIO, presenta proxecto básico de ampliación de nave para Aula de Interpretación da Natureza, sita no lugar dos Currás, do barrio de Costa-Domaio, de conformidade co proxecto presentado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González, visado na data 09.02.10.

No periódico *Faro de Vigo* do día 25 de marzo de 2010 insírese o anuncio polo que se somete a información pública dito proxecto, dándolles un prazo de vinte días aos interesados para consultar a documentación na Secretaría municipal.

O secretario municipal emite certificación o día 6 de maio de 2010 na que consta que o anuncio de información pública do proxecto AULA DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA, da Comunidade Vecinal de Montes en Mano Común de Domaio, estivo exposto no taboleiro de anuncios do Concello dende o 5 de abril de 2010 ata o 27 de abril de 2010, sen que se presentaran reclamacións.

Visto o informe do aparelador municipal do 12 de maio de 2010 que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 17/10
PETICIONARIO: COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DE DOMAIO
ASUNTO: AMPLIACIÓN DE NAVE PARA AULA DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA
SITUACIÓN: L/OS CURRÁS. COSTA-DOMAIO.

INFORME:

Procede, pola Xunta de Goberno Local, remitir o expediente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas atendendo o disposto no Artigo 41.2.c) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia unha vez acometido o proceso de información pública.

O proxecto axústase as determinacións da Ordenanza 9, solo asimilado o rústico de protección forestal segundo os parámetros que a referida ordenanza resulta de aplicación polo cumprimento do documento de revisión e adaptación aos das NN.SS de Planeamento Municipal vixente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e segundo o informe do aparelador municipal acorda remitir o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

6.B) EXPTE. 38/03 – D.^a LINA PÉREZ TABOADA, por escrito do 29 de abril de 2010, solicita a renovación de licenza de obras xa que debido a problemas familiares non foi posible rematar a totalidade das obras para as cales se lle concedeu licenza. Achega documentación.

Visto o informe do aparelador municipal do 13 de maio de 2010 que literalmente di:

Ante a petición formulada por Lina Perez Taboada dunha licenza (EXP.: 38/03) concedida en comisió Municipal de Goberno de 14 de abril de 1903 para obras de limpeza e revestimento de fachadas, pintado de tella-cornixa e balaústre en vivenda unifamiliar, a teor do disposto no apartado 2 do artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procede non conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado por estar concluído o prazo.

Procede declarar a caducidade da licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e segundo o informe do aparelador municipal, acorda declarar a caducidade do expte. 38/03.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

7.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SEGURIDADE	Reposición cubertas para vehículos de protección civil	SANTOMÉ GONZÁLEZ, JUAN PABLO – Lavamán Sanchilán	1340-21400 RC 878	616,00€

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para ese gasto que se efectuou na partida mencionada,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

7.B) XXIII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA

Visto o informe – proposta do coordinador de Cultura do día 10 de maio de 2010 que textualmente di:

XXIII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA

MEMORIA

Os Circuitos Teatrais de Moaña é unha actividade que se leva realizado ininterrompidamente dende 1988, o que quere dicir que estamos ante a 23ª edición.

A complexidade organizativa e o incremento de público fixo que o Concello tivese que trasladar esta actividade, mediada a década de 1990, dende o pequeno auditorio municipal do centro sociocultural Daniel Castelao (168 localidades), ao cine Veiga, de moito maior aforo, en réxime de alugueiro, e onde se acadou unha media de case 400 persoas por espectáculo en cada circuito cultural, unha ratio habitantes/público das maiores de Galicia, e máis se temos en conta que os circuitos en Moaña sempre foron unha actividade con pagamento en billettería.

A desaparición desta sala de cine fixo que este ciclo de teatro tivese que peregrinar por distintos lugares (pavillóns deportivos, colexios públicos...), ata instalarse, nas últimas edicións, no pequeno auditorio do IES As Barxas, con capacidade (máxima e forzada) para 200 persoas, o que significou unha mingua importante para a promoción que estabamos a levar de novos públicos con campañas anuais de presentación do ciclo, por parte de actores e actrices, nos centros de secundaria.

Os Circuitos Teatrais de 2009 rexistraron unha asistencia de 1.095 persoas (media de 219 persoas /función, o que nos crea un problema de saturación de aforo ata o punto de ter que pechar a billettería en varias ocasións, quedando unha media de entre 50 e 100 persoas sen entrada en cada función). Cremos razoable estimar cantidades similares para esta edición de 2010.

CADRO COMPARATIVO DE ASISTENCIA

ANO	ASISTENCIA	MEDIA/FUNCIÓN
2005	1.169 persoas	167 persoas
2006	1.475 persoas	210 persoas
2007	1.442 persoas	206 persoas
2008	1.373 persoas	196 persoas
2009	1.095 persoas	219 persoas

PROGRAMA E CALENDARIO CIRCUÍTOS 2010

DATA	GRUPO	OBRA	IMPORTE
2/10/10	Mofa e Befa (Producións excéntricas SL)	Shakespeare para ignorantes	3.480 €
9/10/10	Santi Cortegoso	A filla de woody Allen	1.300 €
16/10/10	Teatro de Ningures (Ningures producións SL)	Homes..., mulleres	3.500 €
23/10/10	Ancora Producións	Colgados	1.990 €

30/10/10	Teatro do Morcego (Teatro do Morcego SL)	A nona	4.550 €
IMPORTE TOTAL			14.820 €

A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura (Xunta de Galicia), segundo comunicación de 30/04/10, que se achega, acepta esta programación dentro do seu programa **Galicia móvese. Camiños de Cultura**, aportando as seguintes cantidades:

GRUPO	IMPORTE	APORT. XUNTA	APORT. CONCELLO
Mofa e Befá	3.480 €	1.408,91 €	2071,09 €
Santi Cortegoso	1.300 €	526,32 €	773,78 €
Teatro de Ningures	3.500 €	1.417 €	2.083 €
Ancora Producións	1.990 €	805,67 €	1.184,33 €
Teatro do Morcego	4.550 €	1842,11 €	2.707,89 €
	14.820 €	6.000 €	8.820 €

PREZO DAS ENTRADAS

Estudantes, parad@s , membros de asociacións	3 €
Entrada normal	4 €
Abono	10 €

O control da billeteaxe será fiscalizado polo servizo de Tesourería do Concello.

ORZAMENTO A CARGO DO CONCELLO DE MOAÑA

Cachés grupos de teatro	8.820 €
Deseño gráfico e publicidade (empresa fresa azida): Deseño e impresión de 4.500 entradas, 750 tiras para carteis e 2.000 programas de man.	1.227,89 €
Desenvolvemento das actividades (empresa Enredos): carga e descarga (mínimo 2 persoas/ función), pegada de cartelaría, control de billeteaxe, atención aos grupos de teatro, apertura, mantemento e peche auditorio, etc.)	2042,85 €
Loxística necesaria para espectáculos: Teatro do Morcego SL	1.000 €
TOTAL ORZAMENTO	13.090,74 €

Solicítase da Xunta de Goberno Local a aprobación da actividade co seu orzamento e o posterior libramento das cantidades citadas.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a realización da actividade XXIII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA, coa programación que se recolle no informe do coordinador do departamento de cultura,

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto de 13.090,74 € para a realización do XXIII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA, con cargo á partida 3340-22610 e imputalo ao RC número de documento 2010-846.

8.- ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de maio de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural O Real.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura: GAS NATURAL, S.U.R., 01100411908817 (180310 a 220410) 17,46 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de **SANTOME GESTIDO, Manuel**, por importe de 17,46 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 17,46 euros a **SANTOME GESTIDO MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200.

9.- RENOVACIÓN PÓLIZAS DOS SEGUROS DA LUDOTECA

9.A) Visto que procede a renovación da póliza do seguro concertado para **usuarios** da Ludoteca,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 214,20 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, SOC. UNIPERSONAL pola prima de renovación da póliza – usuarios da ludoteca polo período 05052010 a 05052011, número de póliza 1020800001207, imputandoo á partida 2340-22402, RC nº 876.

9.B) Visto que procede a renovación da póliza do seguro **multirisco** concertado para a Ludoteca,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 586,48 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, SOC. UNIPERSONAL pola prima de renovación da póliza multirisco da ludoteca polo período 01042010 a 01042011, número de póliza 1281348, imputandoo á partida 2340-22402, RC nº 845.

10.- PÓLIZA DO SEGURO DO TRACTOR LIMPAPRAIAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 68,89 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, SOC. UNIPERSONAL pola prima de seguro do tractor limpapraias polo período 19042010 a 12072010, número de póliza 1953454572, imputandoo á partida 1550-22400, RC nº 879.

11.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 7 de maio de 2010 que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 186, presentada polas entidades sinaladas, xustificativa do gasto que ascende á cantidade acumulada de 36.856,93 € (IVE engadido)

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 36.856,93 euros, presentada polas seguintes entidades:

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
10121	TENDIDOS MONCOSA, S.A.	3130 61104	14.999,94
1303	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103	1.423,46
D/33	EMPRESA MONFORTE, S.A.	1320 20400	948,00
Total anexo I			17.371,40

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
FU 17	REGALCERAMICA, S.L.	9120 22601	2.697,00
003/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	9120 22601	9,28
004/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	60,00
008/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	160,08
002/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	80,00
A10/161	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	76,56
0011/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	278,40
0014/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	127,60
0016/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	127,60
0017/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	139,20
0019/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	324,80
0020/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	58,00
0022/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	533,60
0023/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	185,60
0024/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	226,20
0025/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	313,20
0027/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	324,80
0018/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 21200	394,40
023/10	IDELNOR PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L.	1550 21000	1.129,26
13	RELE CALEFACCION, S.L.	3420 21200	554,48
2	PORTELA CALVAR, José	3340 22610	1.001,00
9	JUNCAL BARROS, Israel	3410 22601	391,50
44/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	9200 22624	243,10
002/10	BANDA DE MUSICA "AIRIÑOS DO MORRAZO"	3250 22609	1.004,00
003/10	BANDA DE MUSICA "AIRIÑOS DO MORRAZO"	3250 22609	890,00
01/10/49	FED. ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS	9200 22600	1.070,49
FPRI10 13	GALICIA MOVILES Y SISTEMAS, S.L.	1320 22199	8,99
009/10	MDC INGENIERIA, S.L.	1550 21400	399,04
A37	CHAPELA FERVENZA, José	1550 22199	675,62
A/1	FACTUM INVERSIONES Y PROYECTOS, S.L.	1550 22199	138,04
0069/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
0070/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	45,00
0071/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	63,00
01/10/73	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1320 22104	44,08
01/10/74	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1320 22199	250,56
F02735	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2310 22000	16,02
F02734	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1550 22199	6,06
F02729	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2310 22000	13,45
F02732	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3370 22000	57,10
F02733	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9200 22000	2,50
F02731	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1510 22000	25,20
F02730	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3340 22000	14,64
888948	S.O.RIAS BAIXAS, S.L.U.	2310 22003	67,50

411891831	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	9200 22120	68,60
3452	A & B LABORATORIOS, S.A.	1510 22199	550,42
Dir 10/2010	VILARIÑO SANMARIN, Ignacio	3320 22609	92,79
048/2010	RUA RUA, F.David	1510 22114	216,60
050/2010	RUA RUA, F.David	1510 22114	162,45
049/2010	RUA RUA, F.David	1510 22114	270,74
Total anexo II			15.940,42

ANEXO III			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
200257	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	56,84
313180	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	4320 22200	45,24
312180	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	4320 22200	45,24
323209	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	67,28
2920	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	3.330,51
Total anexo III			3.545,11

TOTAL RELACION	36.856,93
.....	

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 36.856,93 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 18 de maio de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

12.- LISTAS SUBSTITUCIÓN MANDOS POLICÍA LOCAL (Vacacións anuais)

Vista a relación nominal dos policías e oficial que realizarán substitucións dos distintos mandos por mor das vcacións anuais correspondentes ao ano 2010, remitida polo xefe da Policía local datada o 6 de maio de 2010, e que di:

Relación de axentes que realizarán funcións de oficiais e oficial de inspector, durante o período de vacacións:

En función do substituído

Inspector, Lois Alberte Casas Curro, vacacións do 04/09 ao 12/10, sendo substituído por Xurxo Xan Casal Blanco, o cal é substituído neste período por Julio Sobral Poceiro.

Oficial, Xurxo Xan Casal Blanco, vacacións do 17/06 ao 31/07, sendo substituído por Manuel García Fernández dende o 17/06 ata o 30/06 e logo por Francisco Javier Blanco Portela dende o 01/07 ata o 31/07.

Oficial, Jesús García Rodas, vacacións do 21/05 ao 30/06, substituído por Francisco Javier Blanco Portela.

Oficial en funcións, Eugenio Malvido Gestido, vacacións do 20/07 ao 31/08, substituído por Manuel García Fernández.

En función do substituto:

Xurxo Xan Casal Blanco, realizará funcións de inspector xefe dende o 04/09 ao 12/10.

Francisco Javier Blanco Portela, realizará funcións de oficial do 21/05 ao 31/08.

Manuel García Fernández, realizará funcións de oficial do 17/06 ao 30/06 e do 20/07 ao 31/08.

Julio Sobral Poceiro, realizará funcións de oficial do 04/09 ao 12/10.

Luis Varela Brañas, realizará funcións de oficial do 01/09 ao 11/09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de substitucións de mandos da Policía local nos seus xustos termos.

13.- BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR DE CARA Á SUBSTITUCIÓN DUNHA BAIXA POR MATERNIDADE E CONVOCATORIA

A concelleira delegada de Servizos Sociais, por informe-proposta do 12 de abril de 2010, indica que debido á próxima maternidade da educadora familiar e co fin de cubrir esa baixa cómpre poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dun/ha educadora/a familiar que formará parte dos Servizos Sociais a partir da segunda quincena do mes de xullo e comezando a baixa por maternidade, segundo a data médica prevista, para a segunda quincena do mes de agosto, ata cubrir as 16 semanas. Así a baixa por vacacións e maternidade abranguería dende o 19 de xullo ata a 1ª quincena do mes de decembro. Propón que se poña en marcha o procedemento de selección para a posterior contratación dun/ha educador familiar.

Vista a proposta de bases de selección para a contratación dun/ha educador/a familiar de cara á substitución dunha baixa por maternidade:

PRIMEIRA:OBXECTO

É obxecto das presentes bases a selección para a posterior contratación laboral de duración determinada, a tempo completo dun/unha educador/a familiar adscrito/a a benestar social do Concello de Moaña de cara á substitución dunha baixa por maternidade.

Tipo de contrato: Contrato de substitución.

Tipo de xornada: Xornada completa.

Duración: Mentres persista a situación de baixa por maternidade da traballadora substituída.

Salario Bruto: 2.185,23 euros.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario acreditar:

a) Ter nacionalidade española. Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder en igualdade de condicións que os españois conforme ao disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións; Educación social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social, ou tamén diplomatura en maxisterio sempre que, neste último caso, poidan acreditar experiencia laboral como educador familiar con anterioridade ao ano 2004.

d) Estar en posesión do carné de conducir B1 e en dispoñibilidade de vehículo.

e) Non padecer enfermidade nin limitación física que impida ou sexa incompatible co normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos os requisitos entenderanse referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde- Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e nun xornal de tirada provincial.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

Fotocopia do DNI debidamente compulsada.

Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.

Declaracións xuradas de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartados e) e f), sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálos tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.

Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen. (títulos de cursos, contratos, nóminas, vida laboral).

Fotocopia compulsada do carné de conducir.

Declaración xurada de dispoñer de vehículo.

A convocatoria realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e nun xornal de máxima tirada.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

- Marta Santome Santiago. Educadora Familiar.

Vocais:

- Mar Soaje Bernardez. Traballadora social.
- Carmen Pérez Rodríguez. Orientadora Laboral.
- Ángeles Cabeiro Dopico.

Secretario:

- Carlos Piñeiro Sarmiento (secretario do Concello de Moaña) ou funcionario municipal en quen delegue.

Será función do tribunal tanto a baremación da documentación aportada cara á valoración de currículos, como a realización e valoración da proba práctica.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

O sistema de selección e cualificación constará das seguintes probas:

1º) Valoración de currículos: 20 % da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

a).-Experiencia profesional: Máximo 2,00 puntos.

Por cada mes completo de traballo acreditado
en posto igual ó que aspira na administración0,10 puntos.
Por cada mes completo de traballo acreditado
en posto igual ó que aspira en outras entidades.....0,05 puntos.

Consideraranse posto igual ao que aspira exclusivamente os postos de educador familiar ou orientador familiar.

b).-Formación: Máximo 1,00 puntos.

Por cada curso, xornada ou seminario, directamente relacionado co posto ao que aspira:
-de 10 a 50 horas.....0,10 puntos.
-de 51 a 100 horas.....0,25 puntos
-máis de 100 horas.....0,50 puntos

Considerarase directamente relacionada co posto a formación que verse sobre; intervención familiar, política de familia, servizos sociais de atención á familia, escolas de nais e pais, perspectiva de xénero na planificación familiar, apoio e ou prevención de situacións de risco e/ou exclusión social e intervención no período infante- xuvenil.

So se valorarán os cursos, xornadas ou seminarios organizados, impartidos, organizados ou homologados por administracións públicas, universidades ou organismos oficiais. Os cursos, xornadas ou seminarios nos que non figuren horas non se valorarán.

c).-Coñecemento acreditado do idioma galego: Máximo 1 punto.

Celga 3 ou equivalente.....0,25 puntos.
Celga 4 ou equivalente:0,50 puntos.
Curso medio de linguaxe administrativa ou equivalente..... 0,75puntos
Curso superior de linguaxe administrativa ou equivalente.....1,00 puntos

Só se concederá validez ós cursos ou titulacións homologados por organismos oficiais da Xunta de Galicia. Valorarase exclusivamente o curso de maior puntuación sen que teñan carácter acumulativo.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

Proba práctica: 80% da puntuación.

Os candidatos realizarán unha proba práctica consistente na realización por escrito dun caso práctico ou emisión dun informe relacionado cos tarefas a desenvolver, nun tempo máximo de 60 minutos.

Posteriormente os candidatos procederán á exposición diante do tribunal do caso práctico elaborado, nun tempo máximo de 15 minutos.

A puntuación máxima acadada nesta fase é de 16 puntos.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ao órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, de acordo coa orde da mesma, quen resolverá sobre a contratación e formalización do contrato.

SÉTIMA: PRAZOS

Presentación de instancias e documentación: Dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello.

Listado provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional de currículos: Publicarase o cuarto día hábil seguinte despois de expirado o prazo de presentación de instancias.

Período de alegacións: Dous días hábiles contados a partir do seguinte á publicación provisional de admitidos.

Listado definitivo de admitidos e excluídos e valoración definitiva de currículos: Dous días hábiles contados a partir do seguinte ao remate do período de alegacións.

Proba práctica: Realizarase no seguinte día hábil ao da publicación do listado definitivo de admitidos, ás 17:00 horas no salón de plenos do Concello de Moaña.

Listado de cualificacións provisionais: Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no cuarto día hábil seguinte a aquel en que se realice a proba práctica.

Período de reclamacións: Catro días hábiles a partir da anterior publicación.

Listado de cualificacións definitivas: Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local.

OITAVA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, o **DL 1/2008 que aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia**, a Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, o RDL 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RD 896/1991 que establece as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de administración local**, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración da Comunidade

Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional."

Visto o informe do secretario municipal do 29 de abril de 2010 no que indica que as bases cumpren coa normativa aplicable, excepto na esixencia do requisito de carnet de conducir e dispoñibilidade de vehículo, e recolle a conveniencia de dotar a este procedemento dunha maior publicidade,

Visto o informe do interventor do 18 de maio de 2010, que indica que as bases de selección deben ser modificadas no sentido indicado polo informe de secretaría, e que, en caso contrario, formulará reparos,

Visto que a técnica de Servizos Sociais xustifica esta esixencia polas numerosas visitas domiciliarias que se teñen que facer no cumprimento do traballo, así como reunións nos diferentes centros educativos, de saúde, ou cos técnicos dos diferentes equipos do menor, ... dado que o Concello non dispón de ningunha alternativa para realizar estes desprazamentos (a través de medios propios o dunha rede de transporte público).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo interventor municipal por entender suficientemente xustificado, no informe da educadora familiar do Concello, o requirimento de posesión do carné de conducir e da dispoñibilidade de vehículo; así como por entender suficientemente acreditada a necesaria publicidade mediante a inserción do anuncio nun diario de tirada provincial.

Segundo: Aprobar a proposta de bases de selección así como a súa convocatoria.

14.- XUSTIFICACIÓN FINAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009: RECUPERACION PATRIMONIO ETNOGRÁFICO. TR351A 2009/86-5

Visto o informe da axente de emprego de data 11 de maio de 2010, que di:

O pasado 10 de abril rematou a execución do servizo "Recuperación Patrimonio Etnográfico" subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña. Neste servizo estiveron contratados, durante sete meses un oficial de primeira canteiro, un oficial de primeira carpinteiro, un oficial de primeira albanel e catro peóns de servizos múltiples.

De acordo co recollido no punto terceiro da resolución de concesión de subvención de data 7 de agosto de 2009 e co establecido no artigo 7.2.a da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, unha vez rematados os servizos, existe un prazo de dous meses para realizar a xustificación final dos mesmos, presentando unha certificación de ingresos e gastos e unha memoria dos traballos realizados, acompañadas da seguinte documentación; copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores, boletíns de cotización á seguridade social (TC1 e TC2), resumo das retencións practicadas en concepto de IRPF, certificacións ou extractos bancarios de cada un destes conceptos.

Este punto terceiro establece tamén que, no caso de subvencións percibidas e non gastadas na súa totalidade, deberá remitirse xunto coa anterior documentación copia do resguardo da

transferencia bancaria xustificante do reintegro que proceda. Por tanto, **o reintegro das cantidades correspondentes a subvención percibida e non gastada deberá efectuarse antes do remate do prazo de envío da xustificación final.**

O prazo para enviar a xustificación final á consellería remata o 9 de xuño.

Unha vez realizada a xustificación- liquidación deste programa quedaría como segue:

Recuperación Patrimonio Etnográfico:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (I. Cese + Plus extrasal.)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
85.254,96	84.677,43	577,53	8.283,57	92.961,00

Acompáñase a este informe unha desagregación pormenorizada dos gastos realizados.

A subvención percibida para este servizo é superior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a **577,53** euros. Esta diferenza obedece á incidencia que as baixas por enfermidade tiveron nesta obra ou servizo provocando que o gasto en salarios e seguros sociais fose inferior ao previsto. Esta cantidade, que corresponde a subvención percibida e non gastada deberá ser devolta á Consellería de Traballo e Benestar previamente á remisión da xustificación final.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 8.283,57 euros, o custo do plus extrasalarial e mais da indemnización por cese, conceptos de pago obrigatorio no convenio da construción, que non son subvencionables, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

O Concello debe enviar á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resguardo de transferencia bancaria xustificante dos reintegros que procedan, tendo de prazo como xa mencionamos ata o día 9 de xuño.

Vista a proposta da Alcaldía de data 11 de maio de 2010, que literalmente di:

Rematada o pasado 10 de abril de 2010 a execución do servizo “Recuperación Patrimonio Etnográfico” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións e do contido no artigo 7.2.a da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación da obra ou servizo “Recuperación Patrimonio Etnográfico” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Recuperación Patrimonio Etnográfico:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (I. Cese + Plus extrasal.)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
--	---	-----------	--	--------------------------

85.254,96	84.677,43	577,53	8.283,57	92.961,00
-----------	-----------	---------------	----------	------------------

2º) Acordar a devolución á Consellería de Traballo e Benestar da cantidade 577,53 euros en concepto de subvención percibida e non gastada para a obra ou servizo “Recuperación Patrimonio Etnográfico” Esta cantidade deberá ser reintegrada á Consellería previamente á remisión da xustificación final, é dicir, antes do 9 de xuño.

O reintegro farase mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia aberta en Caixa Galicia, O.P. de Santiago: **2091 0300 47 3110063172** , especificando “Remanente da subvención concedida pola consellería de Traballo para o fomento do emprego ao abeiro dos programas de cooperación. Expte. Nº. TR 351 A 2009/ 86-5

3º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resguardo de transferencia bancaria xustificante do reintegro que procede, tendo como data límite o 9 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”.

En data 26 de abril de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS VINTE E SEIS EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (65.926,44 euros). (56.833,14 euros + 9.093,30 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses e adscripción de traballadores á obra: Mínimo de catro traballadores, dos que dous serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración. Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.841,66 euros e no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos de non telos presentado con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 4 de maio de 2010.

En data de 13 de maio de 2010, o adxudicatario provisorio deposita ao Concello aval bancario por importe de 2.841,66 euros na Tesourería municipal cmo se acredita mediante carta de pago de tal data.

Igualmente en data 11 de maio remite documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, IAE e documentación dos traballadores adscritos á obra.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS VINTE E SEIS EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (65.926,44 euros). (56.833,14 euros + 9.093,30 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses e adscripción de traballadores á obra: Mínimo de catro traballadores, dos que dous serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración. O resto dos licitadores poderán retirar a garantía provisoria.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico Municipal D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

16.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”

A Xunta de Goberno, en data 23 de marzo de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES.
- HPC IBÉRICA S.A.
- ARANCHABALYA S.L.

No prazo concedido se presentan as seguintes ofertas:

- HPC IBÉRICA S.A, nº de rexistro de entrada 2.738 e 2.739 de 8 de abril de 2010.
- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES, nº de rexistro de entrada 2.740 de 8 de abril de 2010.
- ARANCHABALY S.L., nº de rexistro de entrada 2.815 de 9 de abril de 2010.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, a Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, en sesión de 19 de abril de 2010, procedeu a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declarou excluídas as seguintes ofertas, por non aportar ningún tipo de documentación administrativa: escritura de constitución, solvencia necesaria para a execución da obra, declaración de estar ao corrente de obrigas tributarias e Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición de contratar, sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES.
- ARANCHABALY S.L.

A Xunta de Goberno, asimismo, declarou admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- HPC IBÉRICA S.A.

A continuación, procedeuse ao acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- HPC IBÉRICA S.A.

Prezo: 100.000,00 euros. (86.206,90 + 13.793,10 euros de IVE.).

Adscrición de traballadores á execución do contrato: 0 traballadores de nova contratación.

(Condicións suxeitas a negociación.)

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta era susceptible de mellora respecto dos traballadores a contratar, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acordou remitir á empresa HPC IBÉRICA S.A. solicitude de nova proposta mellorando as condicións presentadas respecto do persoal a contratar na obra e persoal de nova contratación a adscribir á mesma.

En data 23 de abril de 2010, HPC IBÉRICA S.A., presenta, nº de rexistro de entrada 3.246, nova oferta cas seguintes condicións:

Prezo: 100.000,00 euros. (86.206,90 + 13.793,10 euros de IVE.).

Adscrición de traballadores á execución do contrato: 3 traballadores, un deles de nova contratación.

A Xunta de Goberno, á vista das condicións remitidas na última oferta, e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Declarar válida a licitación e adjudicar provisoriamente o contrato de obra “Construción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña”, á empresa HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 45 días e adscrición de traballadores á execución do contrato: 3 traballadores, un deles de nova contratación.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 100.000 euros con cargo á partida 3420.62800 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á notificación desta adxudicación, para que, no caso de que non aportase previamente, aporte a documentación requirida no apartado 16.1.1 dos pregos de licitación desta obra sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houberse presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 16.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

17.- APROBACIÓN DE PROXECTO CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO (2010)

Visto o Proxecto *Conservación e Reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro*, redactado polo arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, a instancias do Concello,

Visto que conta coa pertinente documentación esixida pola normativa aplicable,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Proxecto de *Conservación e Reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro*, redactado polo arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, que conta cun orzamento de execución por contrata de 532.000,00 euros.

18.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DE XUVENTUDE PARA O ANO 2010.

No DOG núm. 84 do mércores, 5 de maio de 2010, publicouse a *Orde do 22 de abril de 2010 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010, e se procede á súa convocatoria* da Consellería de Traballo e Benestar.

Visto o informe-proposta da técnica da Casa da Mocidade do 18 de maio de 2010, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e Deportes, no que propón acollerse a esta convocatoria, para o que achega memoria explicativa do proxecto para o que se solicitaría subvención.

Vista dita memoria explicativa, na que a técnica fai unha breve memoria de actividades do ano 2009 e recolle os proxectos para os que se solicita subvención, diferenciados, por unha banda, entre o funcionamento do servizo de dinamización da información xuvenil e, por outra, entre as actividades formativas e educativas, de creatividade, lecer e tempo

libre, e que fomenten a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías. O orzamento total das actividades recollidas no proxecto é de 50.300 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar subvención para o proxecto de Xuventude para o ano 2010 e cuxo orzamento estimado é de 50.300 euros, acolléndose á convocatoria da Orde do 22 de abril de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar.

19.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO PROGRAMA LEADER – GDR PONTEVEDRA-MORRAZO

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo convocou, entre outras, as axudas encadradas dentro da medida *Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida* do programa LEADER 2007-2013, e abriu o prazo para a recepción de solicitudes. Dentro desta medida poden solicitarse axudas para proxectos destinados a dar servizos para a economía e a poboación rural (actividades culturais e de lecer, implantación de servizos...), así como proxectos que contribúan á renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do seu patrimonio.

Visto que o Concello de Moaña forma parte do ámbito territorial cuberto polo GDR e destas axudas, e visto que a axuda para este tipo de proxectos (dirixidos a cubrir as necesidades da poboación rural e que respondan a unha visión comarcal) poden chegar a acadar o 100% do financiamento dependendo do proxecto –aínda que como norma xeral o promotor do proxecto sempre deberá facer algunha achega-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a esta convocatoria e solicitar axuda para o proxecto de Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro por un importe de 532.000,00 euros.

20.- PROTOCOLO DE ADHESIÓN REDE CEMIT

Visto o contido do protocolo de adhesión á Rede de Centros para a Modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (rede CeMIT), entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a Fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e o Concello de Moaña,

Visto que o obxecto da Rede CeMIT é servir como elemento xerador de crecemento e desenvolvemento económico e como instrumento que permita crear condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información,

Visto que o Concello de Moaña está interesado na súa adhesión á nova Rede CeMIT da Xunta de Galicia, en promover o uso das TIC entre a poboación –en especial naqueles colectivos nos que a fenda dixital é máis evidente, e en participar en proxectos de inclusión na Sociedade da Información e o desenvolvemento das TIC no seu contorno,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a adhesión ao protocolo de adhesión á Rede CeMIT e autorizarlle ao alcalde para a súa sinatura.

21.- TRÁFICO

21.A) D.^a Beatriz Pérez López, por instancia con entrada no Concello o día 6 de abril de 2010, solicita a reposición do espello na curva da baixada do Latón, á altura do nº 296 que dará servizo aos vehículos que suben e baixan nun tramo de nula visibilidade.

Visto que a concelleira de Tráfico propón a súa reposición,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a reposición do espello na curva da baixada do Latón, á altura do nº 296.

21.B) D.^a Amelia Longueira Argibay, por instancia con entrada no Concello o día 5 de maio de 2010, expón que no camiño de Fontevieita, dende a Avda. de Marín cara arriba á esquerda, aparcan os coches a ambos lados da rúa, dificultando o paso dos coches pola rúa. Solicita o pintado dunha liña amarela nunha das beiras, para que aparquen só a un lado.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local de data 12 de maio de 2010, conformado pola concelleira de Tráfico, no que indica que sería conveniente sinalizar á altura da intersección de Fonte Vieita coa estrada que vai en sentido ascendente a Abelendo, cun tramo de liña amarela duns cinco metros de longo (a partir do cruce de Fontevieita, na marxe dereita segundo o sentido de circulación Avda. Marín – Abelendo).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o pintado da liña amarela nos termos recollidos no informe do inspector-xefe da Policía local.

22.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social de data 18 de maio de 2010 sobre modificacións no SAF, que di:

MODIFICACIÓNS

- *Juan Carlos Fernández Saavedra*: A partir do 1 de maio de 2010 pásase a prestar 90 h. en lugar das 70 h. que viña percibindo. Por tal motivo a achega económica será de 90€/mes.

ALTAS

- *Josefa Francisco Costa*: 15 h./mes. *Sen achega económica algunha*

- *José del Río Rúa*: 35 h./mes. *Sen achega económica algunha.*

- *Antía Pérez Paz*: 30 h./mes. *Sen achega económica algunha.*

As novas altas serán efectivas a partir do vindeiro 1 de xuño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

23.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
MARÍA DEL CARMEN PAREDES ALVES	Auga, uso doméstico	Piñeiro, 96 A	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
FERNANDO JOSÉ CASÁS RÚA	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 140 B	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia
MANUEL PAZOS ABAL	Auga, uso doméstico	Casal (fronte nº 157), nova construción	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
ISABEL PELLÓN AMIL	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 52 – 2º D	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 € (por Bitango Promociones, s.l. no 2006)	Aqualia Arquitecto técnico
REBECA FERNÁNDEZ CRUZ	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 148 – 1º A	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL SANTOMÉ BERMÚDEZ	Saneamento, uso doméstico	A Guía, 200	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ LUIS DURÁN GALLEGO	Saneamento, uso doméstico	Calvar, 90 – Domaio	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA LUZ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 127 A	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
PABLO FRANCO RODRÍGUEZ	Auga, uso doméstico	Bernardino Graña, 1 – 5º J – edif. Poza da Moura, portal 2	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
ANTONIO GARCÍA CURRA	Saneamento, uso doméstico	Ameixoadá, 101	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
ISABEL SANTOS PARCERO	Saneamento, uso doméstico	Igrexario, Tirán 33	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MERCEDES GARCÍA NÚÑEZ	Auga e saneamento, uso doméstico	Ameixoadá, 98 A	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 € D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
DAVID PAREDES FERNÁNDEZ	Auga, uso doméstico	Ave do Mar, 7 – 4B	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
FRANCISCO JAVIER ALVES GARCÍA	Saneamento, uso doméstico	Igrexario, Tirán 40	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
FERNANDO MAGDALENO COLLAZO	Saneamento, uso doméstico	Camiño Igrexario, Tirán 34	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:35 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.